

O Concello de Ponteceso está a pór en marcha o proxecto “Ponte na fala” para a recolleita e a conservación da literatura oral popular do noso territorio. Pretende levalo a cabo contando coa colaboración do tecido asociativo das distintas parroquias, así como de todos aqueles veciños e veciñas interesadas nesta área do patrimonio inmaterial. Quen desexe formar parte non ten máis que poñerse en contacto co departamento de Cultura municipal para que o informen do xeito en que pode colaborar.

O traballo de campo comezou hai unha semana, logo de que o pasado venres tivese lugar no Centro Cultural unha reunión informativa con veciños e representantes das asociacións. Nela, a persoa encargada da coordinación do proxecto explicou polo miúdo as fases do seu desenvolvemento, e establecéronse xa os contactos cos primeiros informantes.

As gravacións realizadas dixitalizaranse e estarán ao dispor de calquera persoa interesada a través dun espazo web que se habilitará para o efecto, no que tamén se irá dando conta do desenvolvemento do traballo de campo. A conservación será tamén escrita, coa transcripción destas gravacións.

Como colofón a esta primeira fase do proxecto programouse unha xornada de actividades no vindeiro mes de outubro, na que xa están confirmadas unha serie de conferencias e obradoiros que versarán sobre a literatura de tradición oral e o seu valor social hoxe en día. Con todo, o Concello espera que a esa xornada se sumen como protagonistas todos aqueles veciños e veciñas que ao longo do período de traballo de campo acheguen o seu gran de area.